

ESCOLA DA VIDA

## A cibernsociedade

09.05.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

O que vou dicir a continuación pode que a moitos lles soe a chinés pero a algún, sobre todo aos máis mozos non lles soará nada estraño, e aínda é moi posible que lles pareza o máis normal do mundo.

Hai un tempo, un dos máis grandes expertos nos temas das novas tecnoloxías, o catedrático de Socioloxía na Universidade de California e director do Internet Interdisciplinary Institute, Manuel Castells, dicía que hoxe se estaba a dar un novo concepto de familia: a familia en rede. Esta tipoloxía definíaa como aquela na que os seus membros manteñen unha relación na distancia, xa que se ven apartados entre si por atoparse en ámbitos laborais e estudiantís diferentes e para establecer unha comunicación entre eles poñíanse en contacto polo móbil ou por internet. Tamén sinalaba que, no entanto, mantiñan un contacto máis directo con compañeiros ou amigos que o resto dos membros da súa familia descoñecían. Aínda que queda moito por andar nalgúns lugares para que isto sexa unha realidade cotiá, todo parece apuntar que imos cara a ela.

Cando un é novo, pensa que os seus pais non o entenden porque quedaron anticuados, e cre que cando teña fillos os vai comprender mellor porque sabe o que os novos precisan. E hoxe os fillos falan, escriben e colgan as súas vidas no twenty, no facebook... e os pais quedamos non só obsoletos en canto aos coñecementos que eles teñen destes novos medios, senón tamén para o seu control.

As ciberrelacións son para os novos un medio normal de vida. Eles din que teñen 1.000, 2.000 ou máis amigos. ¡Vaia club de amigos! Nunca estreitaron a súa man nin coñecen os seus pais, nin sequera viven no seu país ou na súa cidade ou vila, e dinse amigos. E os pais levamos as mans á cabeza: ¿con quen estará chateando o meu fillo?, ¿como lle vou controlar 1.000 amigos á miña filla? Desbordados.

Só nos queda unha solución: confiar neles. E como? Falándolles, poñéndoos sobreaviso de que non se confíen, de que non lle dean os seus datos a calquera estraño polo só feito de querer establecer unha relación. Esta cibernsociedade inabarcable precisa, novamente, do que os pais facían xa antes: acompañar os fillos nos seus procesos vitais; prepararlos para o mundo, por que sexa este real ou virtual os problemas humanos seguen a ser os mesmos, e a tarefa dos pais está en facer que os fillos maduren coas experiencias que van tendo. Así que aínda que vaiamos cara a unha familia en rede, o importante segue a ser a posta en común entre os seus membros dos seus problemas e as súas solucións.